

D. Francisco Marín Muñoz

Presidente da Confederación Hidrográfica Miño-Sil

Monforte de Lemos a 27 de marzo de 2013

Estimado Sr. Marín:

Diríxome a vostede para solicitarlle que a Confederación Hidrográfica Miño-Sil leve a cabo a limpeza do regato das Malloadas ó seu paso polo parque dos Condes, no centro da cidade de Monforte.

Neste tramo do citado regato sediméntanse tódolos materiais que arrastra a auga, convertendo a zona nun depósito de lodos que propicia a existencia de malos olores e a presenza de numerosos insectos. Esta situación agrávase coa chegada do período estival e impide que a veciñanza e as persoas que nos visitan poidan gozar deste céntrico espazo de ocio.

Por outra banda, tamén resulta necesario que o organismo de conca que vostede preside realice a limpeza e a roza das marxes doutros regatos ó seu paso polo casco urbano da cidade. A saber, regato Zapardiel, río Seco e outros tramos urbanos do regato das Malloadas, así como a limpeza das ribeiras do río Cabe no tramo entre as presas de Vilanova e o club Fluvial.

Sen outro particular e agardando resposta á esta petición, quedo á súa disposición

Severino Rodríguez Díaz

Alcalde de Monforte de Lemos